UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Guía Docente					
Datos Identificativos					2019/20
Asignatura (*)	Técnicas Avanzadas de Caracterización de Materiais		Código		610509121
Titulación	Mestrado Universitario en Investigación Química e Química Industrial (Plan 2017)				
Descriptores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Optativa	3	
Idioma	Casteláns Galego Inglés				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Departamento profesorado másterQuímica				
Coordinación	Sanchez Andujar, Manuel	Correo electrónico	m.andujar@udc.es		
Profesorado	Rivadulla Fernandez, Jose Francisco Sanchez Andujar, Manuel Vazquez Vazquez, Carlos	Correo electrónico	m.andujar@udc.es		
Web					
Descrición xeral	Esta materia inclúe unha descrición dos fundamentos e das principais aplicacións de varias técnicas de caracterización moi usadas na Ciencia de Materiais e que non foron tratadas previamente na materia obligatoria ?Técnicas de Caracterización de Materiais e Biointerfases? (módulo M1). Estes contidos son importantes para completar a formación neste módulo M5 ?Nanoquímica e Novos Materiais? e ter unha visión máis completa das técnicas de caracterización de materiais y nanomateriais. Esta materia é clave no dito módulo para comprender a relación entre as estratexias de síntese de materiais e a súa adecuada caracterización, coas súas propiedades e aplicacións, e polo tanto o seu adecuado deseño e optimización. Para cursala é recomendable ter ben asentados coñecementos básicos e avanzados de Química, e en particular en Química do Estado Sólido.				

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	CE1 - Definir conceptos, principios, teorías e feitos das diferentes áreas especializadas da Química
A2	CE2 - Propoñer alternativas para resolver os problemas químicos complexos das diversas especialidades químicas
A9	CE9 - Valorar, promover e practicar a innovación e o emprendemento na industria e na investigación química.
B2	CB7 - Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B3	CB8 - Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e suizos
B5	CB10 - Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo.
B8	CG3 ? Avaliar a responsabilidade na xestión da información e do coñecemento no campo da Química Industrial e da investigación química
B10	CG5 - Usar a terminoloxía científica en inglés para discutir os resultados experimentais no contexto da profesión química
B11	CG6 - Aplicar correctamente as novas tecnoloxías de capturar e organizar a información para resolver problemas na actividade profesional
C1	CT1 - Elaborar, escribir e defender publicamente informes de carácter científico e técnico
C3	CT3 - Traballar con autonomía e eficiencia na práctica diaria da investigación ou da actividade profesional.
C4	CT4 - Apreciar o valor da calidade e mellora continua, actuando con rigor, responsabilidade e ética profesional.

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título

- O estudante obterá unha visión xeral das técnicas avanzadas de caracterización morfolóxica, estrutural e microestrutural. - O estudante aprenderá as principais vantaxes e limitacións de cada unha das técnicas. - Á hora de caracterizar un material, o estudante será capaz de discernir cáles son as técnicas de caracterización que máis se axustan ás súas necesidades/posibilidades.	AM1 AM2 AM9	BM2 BM3 BM5 BM8 BM10 BM11	CM1 CM3 CM4

Contidos	
Temas	**Subtemas**
Tema 1. Técnicas microscópicas	Microscopía óptica, de fluorescencia e confocal, microscopías electrónicas de transmisión (TEM), varrido (SEM), transmisión de varrido (STEM), transmisión de alta resolución (HR-TEM).
Tema 2. Técnicas de difracción	difracción de electróns (ED), neutróns (ND) e técnicas de sincrotrón
Tema 3. Técnicas espectroscópicas	espectroscopías electrónicas (EDS, EELS), resonancia paramagnética electrónica (EPR).
Tema 4: Caracterización de materiais porosos	adsorción física de gases, área superficial específica, distribución de tamaño de poros.
Tema 5: Magnetometría	magnetometría de mostra vibrante (VSM), magnetometría SQUID, susceptometría AC

Planificación				
Metodoloxías / probas	**Competencias**	**Horas presenciais**	**Horas non presenciais / traballo autónomo**	**Horas totais**
Sesión maxistral	A1 A2 A9	12	0	12
Seminario	A1 B2 B3 B5 B8	7	0	7
Solución de problemas	A1 A2 A9 B2 B10 B11 C1 C4	0	24	24
Análise de fontes documentais	C3 C4	0	12	12
Proba obxectiva	A1 A2 A9 B2 B3 B5 B8 B10 B11 C1	1	18	19
Atención personalizada		1	0	1
***Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado**				

Metodoloxías	
Metodoloxías	**Descrición**
Sesión maxistral	Clases expositivas (utilización de encerado, ordenador, canón), complementadas coas ferramentas propias da docencia virtual.
Seminario	Seminarios realizados con profesorado propio do Máster, ou con profesionais invitados da empresa, a administración ou doutras universidades. Sesións interactivas relacionadas coas distintas materias con debates e intercambio de opinións cos estudantes.
Solución de problemas	Resolución de exercicios prácticos (problemas, cuestións tipo test, interpretación e procesamento da información, avaliación de publicacións científicas, etc.).
Análise de fontes documentais	Estudo persoal basado nas diferentes fontes de información.
Proba obxectiva	Realización das diferentes probas para a verificación da obtención tanto de coñecementos teóricos como prácticos e a adquisición de habilidades e actitudes.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario Solución de problemas Análise de fontes documentais	Titorías individuais e/ou en grupo.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	**Cualificación**
Sesión maxistral	A1 A2 A9	Valorarase o traballo do alumnado, as súas respostas, o seu nivel de coñecemento,e a súa participación activa no debate cos seus compañeiros.	5
Seminario	A1 B2 B3 B5 B8	SESIÓN MAXISTRAL, SEMINARIOS, SOLUCIÓN DE PROBLEMAS: computaranse conxuntamente (25% da calificación global)	20
Solución de problemas	A1 A2 A9 B2 B10 B11 C1 C4	SESIÓN MAXISTRAL, SEMINARIOS, SOLUCIÓN DE PROBLEMAS: computaranse conxuntamente (25% da calificación global)	15
Proba obxectiva	A1 A2 A9 B2 B3 B5 B8 B10 B11 C1	Computará o 60% da calificación global.	60

Observacións avaliación

1. Procedemento de avaliación.

A avaliación desta materia farase mediante un sistema cuxos apartados e a súa ponderación correspondente detállase a continuación:

Sistema de avaliación (Ponderación):

- Exame final (60%)
- Avaliación continua (40%) mediante:

-- resolución de problemas e casos prácticos.

-- avaliación continua do estudante mediante preguntas e cuestións orais durante o curso e eventual exposición oral de traballos e informes.

Segundo isto, o exame final terá un peso do 60% na cualificación da materia. A avaliación continua terá un peso do 25% na cualificación da materia. A cualificación do estudante obterase como resultado de aplicar a fórmula seguinte:

Nota final= 0,6 x N1 + 0,4 x N2

sendo N2 a nota numérica correspondente á avaliación continua (escala 0-10) e N1 a nota numérica do exame final (escala 0-10).

As actividades docentes presenciais (seminarios e titorías) son de asistencia obrigatoria. O estudantes repetidores terán o mesmo réxime de asistencia ás clases que os que cursan a materia por primeira vez.

2. Recomendacións de cara á avaliación.

O estudante debe repasar os conceptos teóricos introducidos nos distintos temas utilizando o material de apoio aportado polo profesorado e a bibliografía recomendada para cada tema. O grao de acerto na resolución dos exercicios propostos proporciona unha medida da preparación do estudante para afrontar o exame final da materia. Aqueles estudantes que atopen dificultades importantes á hora de traballar as actividades propostas deben consultar co profesor, co obxectivo de que éste poida analizar o problema e axudar a resolver esas dificultades.

3. Recomendacións de cara á recuperación.

O profesor analizará con aqueles estudantes que non superen con éxito o proceso de avaliación, e así o desexen, as dificultades atopadas na aprendizaxe dos contenidos da materia. Tamén se lles proporcionará material adicional (cuestións, exercicios, exames, etc.) para reforzar a aprendizaxe da materia.

4. Outros.

A asistencia ás actividades presenciais (clases presenciais teóricas, seminarios e titorías) é obrigatoria. As faltas deberán ser xustificadas documentalmente, aceptándose razóns contempladas na normativa universitaria vigente.

Fontes de información

Bibliografía básica	- A.R. West: "Basic Solid State Chemistry". Wiley, 2 ed., 1999. - A.R. West: "Solid State Chemistry and its Applications". Wiley, 2 ed., 2014. - L.E. Smart, E.A. Moore: "Solid State Chemistry: An Introduction". CRC Press, 4 ed., 2012.- G. Cao: "Nanostructures and Nanomaterials: Synthesis, Properties and Applications". Imperial College Press, 2004. - J. M. Köhler: "Nanotechnology: an introduction to nanostructuring techniques", Weinheim : Wiley-VCH, 2007- J.-P. Eberhart: "Structural and chemical analysis of materials : X-ray, electron and neutron diffraction, X-ray, electron and ion spectrometry, electron microscopy ". Wiley, 1991.- Angus I. Kirkland and John L. Hutchison (Eds.): ?Nanocharacterisation?. RSC Publishing, Cambridge, 2007.- Kenneth J. Klabunde (Ed.): ?Nanoscale materials in chemistry?. Wiley-Interscience, New York, 2001.- J.A. Schwarz, C.I. Contescu, K. Putyera (Editores): "Dekker Encyclopedia of nanoscience and nanotechnology" (5 volumes). Marcel Dekker, 2004.- John P. Sibila: ?A guide to materials characterization and chemical analysis?. VCH Publishers, 1998. Ademais recomendaranse para cada tema textos complementarios (artigos, páxinas web, textos específicos) no momento da impartición da materia.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
/ /
Materias que continúan o temario
Observacións
Neste módulo é chave facer un enfoque global das materias, intentando comprender a estreita relación que existe entre o modo de sintetizar os materiais coas súas características estruturais e microestruturais, coas súas propiedades e, polo tanto, coas súas aplicacións.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías